

## **1.1 CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA**

# **CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA\***

## **I. A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

### **I.1 INTRODUCCIÓN**

A educación comprensiva asegura o acceso a un tronco común de ensinanzas igual para todos e para todas, así como a igualdade de oportunidades de tódolos alumnos e alumnas, independentemente da súa orixe social, etnia, sexo ou outras características individuais. Esta educación comprensiva, que pretende a igualdade social, podería ser discriminatoria se non se introducise un principio corrector que tefía en conta as diferencias de punto de partida, respecto da cultura dominante, debidas tanto á orixe étnica ou social como ás capacidades persoais ou á historia académica. Este principio corrector consiste na atención á diversidade de capacidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado, ás diferencias de motivacións e intereses que apuntan con máis forza a partir dos 14 anos e que demandan unha posibilidade de opcións que permita perfís educativos polivalentes e complementarios do currículo común, e ás diferencias entre a cultura de proveniencia do alumno e a cultura escolar. Esta última, pola súa orixe, está máis vinculada a un grupo social ou a un ámbito cultural determinados que non recoñecen o capital cultural propio destas minorías e lles producen efectos de incerteza ou rexeitamento respecto dos seus sistemas de significados, visións do mundo, gustos, etc.

Neste contexto de atención á diversidade cultural e á diversidade de capacidades, intereses e motivacións, incardínase este informe sobre a atención á diversidade en Galicia centrado na descripción, por unha parte, das disposicións normativas de atención á diversidade existentes na Comunidade Autónoma e, pola outra, das accións e servicios postos en marcha para tal fin. Igualmente, apórtanse certos datos de orde cuantitativa, pero non se abordan os recursos económicos que levan consigo as medidas e accións en curso.

### **I.2 A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA LEI ORGÁNICA DE ORDENACIÓN XERAL DO SISTEMA EDUCATIVO (LOXSE)**

A LOXSE xustifica no seu preámbulo a existencia dunha educación básica en que os alumnos e alumnas adquirirán aprendizaxes de carácter básico que lles permitan asumi-los seus deberes

---

\* O Consello Escolar de Galicia agradece a valiosa colaboración de Dna. Isabel Serna Maciá, Dna. Consuelo García Álvarez y de Dn. Francisco López Freire, na elaboración deste informe.

e exerce–los seus dereitos como cidadáns. Igualmente, sinala que este período formativo común se organizará de maneira comprensiva, compatible cunha progresiva diversificación que será crecente na educación secundaria obligatoria e lle posibilitará ó alumnado o logro dos obxectivos comúns da etapa mediante a adaptación á pluralidade de necesidades e aptitudes. Na parte dispositiva da dita lei, ó longo de tódolos artigos, aparecen referencias explícitas ó que denominamos atención á diversidade. Así, no artigo 2º.3 establecense os principios da actividade educativa, sinalando entre eles a formación personalizada, a efectiva igualdade de dereitos entre os sexos, o rexeitamento a todo tipo de discriminación e o respecto a tódalas culturas.

Este postulado da LOXSE aparece igualmente ó aborda–las disposicións sobre a metodoloxía, que deberá ter carácter persoal e adaptarse ós distintos ritmos de aprendizaxe de cada neno, no caso da educación primaria (art.14.3), e, no caso da educación secundaria obligatoria (ESO), adaptarse ás características de cada alumno (art. 20.4) e atender á pluralidade de necesidades, aptitudes e intereses do alumnado (art. 21.1).

Ademais, esta lei contempla a posibilidade de que se realicen diversificacións do currículo para logra–los obxectivos da ESO, establece os requisitos marco para acceder a estes programas (art. 23.1) e dispón a organización de programas de garantía social para aqueles alumnos que non alcancen os obxectivos desta etapa (art.23.2).

Por outra parte, no capítulo quinto do título I, baseándose no principio da integración escolar, a LOXSE establece apoios para que o alumnado con necesidades educativas especiais (NEE), temporais ou permanentes, poida acadar, dentro do mesmo sistema, os obxectivos establecidos con carácter xeral para tódolos alumnos: a organización escolar e as adaptacións e diversificacións curriculares necesarias nos centros, por unha parte, e os servicios necesarios que establecerán, en cada caso, plans de actuación en relación coas necesidades específicas dos alumnos.

Nesta mesma liña, o título IV desta lei, dedicado á calidade do ensino, sinala, entre os factores que favorecen a calidade e mellora do ensino, a cualificación e formación do profesorado, a programación docente e a orientación educativa e profesional. No ámbito da formación do profesorado establece a obriga das administracións educativas de planifica–las actividades de formación permanente necesarias (art.56.3). Canto á programación docente, o artigo 57.1, dispón a elaboración de materiais didácticos que propicien a superación de calquera tipo de estereotipos discriminatorios. Máis adiante, no artigo 60, ó aborda–la orientación educativa e profesional, incídese na singular atención á superación de hábitos sociais discriminatorios que condicionan o acceso ós diferentes estudos e profesións.

Finalmente, no título V, da compensación das desigualdades na educación, a LOXSE establece o deber das administracións educativas de aseguraren unha actuación preventiva e compensatoria para aqueles que, por condicións persoais, pola procedencia familiar de baixo nivel de renda, pola súa orixe xeográfica ou por calquera outra circunstancia, se atopen nunha desigualdade inicial para acceder á educación obligatoria e para progresar nos niveis posteriores.

Posteriormente, a Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centro docentes, na súa disposición adicional segunda, dedicada á escolarización de alumnos con necesidades educativas especiais, para desenvolve–la idea integradora establece a distribución equilibrada destes alumnos, considerando o seu número e as súas especiais circunstancias,

e entende por alumnos con necesidades educativas especiais aqueles que requiran, nun período da súa escolarización ou ó longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas por padecer discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais, por manifestar trastornos de conducta ou por estar en situacións sociais ou culturais desfavorecidas.

En consecuencia, todo o disposto polas leis citadas nos parágrafos anteriores constitúe o referente legal para elaboración do presente informe sobre as propostas de actuación para a atención á diversidade cultural e aptitudinal na Comunidade Autónoma de Galicia, a saber:

- Comprensividade do currículo, compatible cunha progresiva diversificación que será crecente na educación secundaria obligatoria; e adaptación á pluralidade de necesidades, aptitudes e intereses do alumnado para lle posibilita-lo logro dos obxectivos comúns da etapa.
- Actividade educativa que atenda á efectiva igualdade de dereitos entre os sexos e ó rexeitamento a todo tipo de discriminación e promova o respecto a tódalas culturas.
- Diversificacións do currículo para logra-los obxectivos da ESO, realizadas dentro dos requisitos marco para acceder a estes programas.
- Organización de programas de garantía social para aqueles alumnos que non logren os obxectivos da ESO.
- Organización escolar e adaptacións e diversificacións curriculares necesarias para que o alumnado con necesidades educativas especiais temporais ou permanentes, poida lograr, dentro do mesmo sistema, os obxectivos establecidos con carácter xeral para tódolos alumnos.
- Servicios que establezan, en cada caso, plans de actuación en relación coas necesidades específicas dos alumnos.
- Planificación das actividades de formación permanente necesarias.
- Formación personalizada.
- Materiais didácticos que propicien a superación de todo tipo de estereotipos discriminatorios.
- Orientación educativa e profesional, que incida na singular atención á superación de hábitos sociais discriminatorios que condicionan o acceso ós diferentes estudios e profesións.
- Actuacións preventivas e compensatorias para aqueles que por condicións persoais, pola procedencia familiar de baixo nivel de renda, pola súa orixe xeográfica ou por calquera outra circunstancia, partan dunha desigualdade inicial para acceder á educación obligatoria e para progresar nos niveis posteriores.
- Distribución equilibrada dos alumnos con necesidades educativas especiais, considerando o seu número e as súas especiais circunstancias.

- Calquera outra acción, non contemplada polas leis mencionadas, dirixida a enfocar-la atención á diversidade do alumnado.

### I.3 A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EN GALICIA

Galicia é unha comunidade cunha poboación en progresivo avellentamento e distribuída irregularmente en función das fontes de riqueza más consistentes nas zonas costeiras e nos vales fértils. Isto rompe a tradicional oposición rural/urbano desta comunidade e explica que o 41% do alumnado galego estea escolarizado na provincia da Coruña; o 36,5% en Pontevedra; o 12,5% en Lugo e o 10,5% en Ourense. Dos 2.724.54<sup>1</sup> galegos, 438.485 son alumnos e alumnas escolarizados en 1.953<sup>2</sup> centros públicos e privados nos que cursan ensinanzas non universitarias de réxime xeral. Destes centros, 1.620 son públicos e 333 privados.

O 63,5% do alumnado está a cursa-la educación básica, de carácter obligatorio. Dos 278.571 alumnos e alumnas que cursan estas ensinanzas, o 72,45 % está escolarizado nos centros públicos. Cómprase sinalar que a estas cifras é preciso engadirrille 55.718 alumnos e alumnas de educación infantil que reciben, igualmente, atención á diversidade.

Galicia inicia o proceso de implantación da LOXSE seguindo o calendario establecido no Real decreto 986/1991, do 14 de xuño, e nas correspondentes modificaciós. En consecuencia, no curso 92/93 comeza a educación infantil e o primeiro ciclo de educación primaria. Esta etapa rematou a súa implantación no curso 95/96.

Paralelamente, no mesmo curso 92/93, 77 centros de educación secundaria implantan anticipadamente en Galicia o 2º ciclo da ESO, e aumentan a 79 no curso 94/95. Destes centros, 71 son públicos e 8 privados. Isto significa que o 22 % dos centros públicos que imparten na actualidade a ESO, na súa totalidade, implantaron anticipadamente esta etapa (táboa 1).

Táboa 1. Evolución do número de centros que anticiparon a ESO

Ciclo	1989/90	1990/91	1991/92	1992/93	1994/95	1995/96
1º	3	6	7	7	7	7
2º	-	-	3	77	79	79

O ano académico 96/97 iníciase a implantación xeneralizada da ESO que, seguindo o calendario establecido, se desenvolverá curso por curso ata rematar a súa implantación co cuarto curso no actual ano 99/2000. Coincidindo co remate da implantación, como se verá ó longo do presente documento, esta comunidade autónoma deseñou o marco normativo en que se debe levar a cabo a atención á diversidade, e puxo en marcha accións para desenvolver aqueles aspectos que requiren dun plan experimental previo á implantación xeneralizada en toda a comunidade.

1. Segundo datos do último censo realizado en 1998.
2. Non se inclúen os centros que imparten ensinanzas de réxime especial.

Nos apartados seguintes observarase, tamén, que a ESO conta cunha serie de medidas específicas establecidas para atender á diversidade do seu alumnado. Isto constitúe unha das maiores apostas do sistema educativo, dada a peculiaridade do alumnado desta etapa (acentuada diversidade de capacidades, motivacións e intereses; escolarización obligatoria nun período de intensos cambios psicoemocionais; etc.), a distribución horaria das áreas, a especialización do profesorado e o número total de alumnos que debe atender cada profesor.

Se considerámo-la ratio alumno/unidade en educación infantil e primaria na comunidade, esta é de 16,11 e de 17,38 respectivamente. Este é o número total de alumnos e alumnas que debe atender-

lo profesorado destas etapas, xa que un mestre ou mestra titor se encarga únicamente dunha unidade ou grupo.

Pola contra, no caso da ESO, se considerámo-la ratio xeral de 25,38 alumnos e alumnas por unidade (algo menos no primeiro ciclo, cunha ratio de 23,77/unidade), isto implica que o profesorado desta etapa que imparte 18 horas repartidas, con carácter xeral, en seis unidades ou grupos, debe atender a 152 alumnos.

Parece evidente e xustificada a necesidade de considerar e de levar a cabo medidas específicas de atención á diversidade na educación secundaria obligatoria.

A atención á diversidade na educación infantil e na educación primaria é un ámbito da actuación docente asumido e comprendido polo profesorado, que ó menor número de alumnos e á maiores posibilidades organizativas en función das necesidades de cada alumno e alumna, engállela a riqueza da experiencia adquirida na atención á diversidade, iniciada no ano 1985.

Na Comunidade Autónoma de Galicia levouse a cabo o plan experimental de integración ó abeiro do Real decreto 334/1985, do 6 de marzo, de ordenación da educación especial. Este plan puxouse en marcha pola Orde do 9 de agosto de 1985 e levouse a cabo tanto en centros de educación primaria como de educación secundaria, iniciándose a participación destes últimos no ano 1989. Posteriormente, a Orde do 31 de marzo de 1995 foi a derradeira disposición de aplicación do programa de integración, xa que a publicación do Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, establece en Galicia, como norma xeral, a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais en centros ordinarios.

Actualmente, 14.495 alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais están escolarizados nos centros ordinarios. Deles o 30'9 % ten necesidades educativas especiais permanentes e o 64'7 % non permanentes. Cómprase sinalar que únicamente un 12% deste alumnado con necesidades educativas especiais está escolarizado nos centros privados ordinarios. Lembremos que, en Galicia, os alumnos sobredotados están incluídos nesa porcentaxe de alumnado con necesidades educativas especiais permanentes, e constitúen o 2'2% deste alumnado. Por outra parte, 1.481 alumnos con necesidades educativas especiais están escolarizados en centros de educación especial. Deles, un 59,5% está escolarizado en centros públicos de educación especial.

En definitiva, en Galicia está escolarizado en centros ordinarios o 90'7 % do alumnado con necesidades educativas especiais, o que constitúe un alto grao de logro no proceso de normalización iniciado no ano 1985.

O dito Decreto 320/1996 define as necesidades educativas especiais como aquelas de carácter temporal ou permanente asociadas á historia persoal ou escolar ou debidas tanto a condicións de sobredotación como a calquera discapacidade psíquica, motora ou sensorial, ou a situacións cau-sais ou culturais desfavorecidas (artigo 1º). Amplíase, así, o concepto de necesidade educativa especial, que abrange tamén os alumnos sobredotados, e incorpórase igualmente a este concepto a pertenza a minorías culturais, cando isto xera dificultades de aprendizaxe.

En Galicia, tódolos ámbitos citados como necesidade educativa especial atopan o seu desenvolvemento normativo dentro dun marco xeral de atención á diversidade, e non existen referencias normativas específicas para unha necesidade educativa determinada, agás no caso da sobredotación, que conta cunha norma específica para a flexibilización do período de escolarización, como veremos más adiante.

En consecuencia, o Decreto 320/1996 constitúe o marco normativo galego dentro do que se desenvolven tódalas disposicións relativas a este alumnado e, en xeral, á atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia. Citarémo-loos seus aspectos más importantes:

- Establece a integración na educación infantil, primaria, secundaria obligatoria, bacharelato e formación profesional, e a reserva de prazas na universidade.
- Fundamenta a proposta de escolarización e a identificación da necesidade de apoios e medios complementarios na avaliación psicopedagólica realizada polos servicios de orientación da Administración educativa (artigo 3.5).
- Basea a avaliación psicopedagólica na interacción entre as características individuais do alumno e o seu contexto sociofamiliar e escolar (artigo 3.5).
- Posibilita que a Administración educativa determine centros de escolarización preferente, cando a resposta educativa requira dotación, equipamento e profesionais singulares (artigo 3.7).
- Establece a modalidade de escolarización combinada (artigo 5.1).
- Dispón a realización de experiencias de escolarización nos centros hospitalarios (artigo 5.2).
- Posibilita a habilitación de aulas convenientemente dotadas en centros ordinarios para o alumnado con proposta de escolarización nun centro de educación especial, cando non exista esta oferta na súa zona educativa (artigo 13.3).
- Dispón a atención específica á formación do profesorado para a elaboración de programacións axustadas ás necesidades especiais do alumnado, como factor que favorece a calidade do ensino (artigo 16).

- Establece a incorporación nos PCC de medidas de carácter organizativo e curricular para atender á diversidade (artigo 17), e consolida o marco establecido para a realización das adaptacións do currículo na Orde do 6 de outubro de 1995.
- Dispón a creación de plans de colaboración e apoio das familias tanto na identificación das necesidades dos seus fillos e fillas como nas accións de carácter preventivo ou compensador no ámbito familiar (artigo 20.3).
- Dispón a constitución progresiva dos centros de educación especial en centros de recursos para os centros docentes da zona (artigo 15.2 e 3).
- Posibilita a flexibilización do período de escolarización para o alumnado sobredotado, que deberá ser obxecto dunha norma específica (disposición adicional primeira).
- Dispón o establecemento da ratio profesor/alumno nos centros públicos de educación especial (disposición adicional segunda).

Como se informará ó longo dos diferentes apartados do presente documento, os aspectos sinalados serán nuns casos obxecto de desenvolvemento normativo; noutros casos, foi obxecto de realización de accións ou de posta en marcha de plans experimentais, e, noutras están por desenvolver ou levar a cabo.

En todo caso, o nivel de desenvolvemento do establecido neste decreto constitúe un referente ineludible para valora-la existencia de medidas de atención á diversidade en Galicia.

#### **I.4 A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE CULTURAL**

A presencia de inmigrantes na sociedade galega vai transformando a composición do alumnado nas aulas. O número total de inmigrantes<sup>3</sup> en Galicia pasou de 13.936 en 1989 a 21.140 en 1998. A inmigración aumentou, pois, un 51,69%, se ben en menor medida que globalmente en todo o Estado Español, onde aumentou un 81%, e moito menos que en Cataluña, que superou o 134%. A nosa Comunidade é a séptima de España en número de inmigrantes.

A porcentaxe maior de estranxeiros refírese ós que proceden de Portugal. Ourense é a provincia galega que máis portugueses recibe, xa que seis de cada dez inmigrantes son desta nacionalidade. Tamén Pontevedra é unha provincia receptora de inmigración, pois recibe o 37% da poboación estranxeira en Galicia.

Non obstante, estas cifras e porcentaxes non poden ser transferidas automaticamente a unha presencia similar de alumnado estranxeiro nos centros educativos galegos.

En Galicia están escolarizados 1.736 alumnos de nacionalidade non española, procedentes de 69 países, dos que 13 son de fala hispana. O 80,5% deste alumnado está escolarizado en centros públicos, polo que cómpre sinala-la escasa taxa de escolarización do alumnado estranxeiro nos centros privados.

---

3. Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística.

O 32,6% do total é alumnado portugués cunha forte presencia en Ourense, o que está en relación directa co que se sinalou anteriormente. Nesta provincia o alumnado portugués constitúe o 69,7% do total do alumnado estranxeiro.

#### **I.4.A ACCIÓNS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE CULTURAL**

Ó abordar este aspecto da atención á diversidade, cómpre sinala-las diferentes visións que se poden ter sobre este novo reto que debe enfrenta-la escola. Así, non tódalas accións que se realizan están sustentadas polo mesmo modelo educativo de integración lingüística e cultural do alumnado inmigrante. Estes modelos van desde a asimilación lingüística e cultural á cultura dominante, ata a educación intercultural ou integración no currículo escolar de tódalas culturas presentes na escola. Ningún destes modelos está exento de riscos, que se manifestan tamén nun abano que contempla tanto a aculturación ou perda da propia lingua e identidade cultural —que repercute desfavorablemente na autoestima e, xa que logo, no progreso académico— como o esvaecemento dun foco cultural común, é dicir, dun fondo de coñecementos e valores compartidos por todos. O temor a este último aspecto está no fondo de tódalas actitudes xenófobas que están a aparecer nas sociedades occidentais en maior ou menor medida.

O gran reto nestes momentos non é, pois, só proporcionarles ás comunidades inmigrantes as mesmas oportunidades de progreso educativo, económico e social ca ó resto dos cidadáns, senón tamén definir políticas adecuadas sobre cómo lograr este obxectivo no marco dun proxecto de relacións igualitarias entre culturas.

Nestes momentos existen dous tipos de referentes para analiza-las accións de atención á diversidade cultural: dunha banda, o concepto de integración educativa que subxace nas diferentes propostas; doutra, o grao de cumprimento das condicións<sup>4</sup> necesarias para a integración de algúen nun grupo.

#### **I.4.B O PROGRAMA LALO (LINGUA DE ACOLLIDA–LINGUA DE ORIXE)**

A forte presencia de alumnado portugués en Ourense que se indicou na introducción deste apartado xustifica a presencia da Administración educativa galega no programa LALO. Galicia incorporouse no ano académico 93–94 a este programa de colaboración bilateral entre España e

---

4. Considéranse tres condicións para a integración de algúen nun grupo: 1) deben existir experiencias positivas por ámbas partes, 2) debe garantirse a comunicación e 3) o grupo debe cumplir a súa función para tódolos seus membros. En consecuencia, 1) hai que combater estereotipos e promover unha actitude tolerante perante as diferencias culturais, 2) hai que posibilita-los intercambios comunicativos desde o primeiro momento, mesmo se o alumno inmigrante desconoce completamente a lingua de acollida -mediante a participación en clases de educación plástica, música, educación física...-, 3) o alumno inmigrante debe participar e aprender na clase -mediante a utilización de metodoloxías que contemplan ritmos e actividades de aprendizaxe distintos orientados a obxectivos comúns-.

Portugal, establecido para lles dar cumprimento ás orientacións e recomendacións da UE en relación coa atención escolar ós fillos e fillas de traballadores residentes noutro país (Directiva 486/77).

Este proxecto ten a finalidade de que os fillos e fillas de traballadores inmigrantes de orixe portuguesa (e de países de lingua portuguesa) aprendan e conserven a súa lingua e cultura de orixe, á vez que aprenden as do país de acollida. Baseado nun modelo de educación bilingüe *de enriquecemento*, trátase dun programa de *inmersión dual* no que os estudiantes de lingua primeira (L1) portuguesa e de L1 galega/castelá reciben nunha mesma clase ensinanzas en ámbalas linguas e sobre ámbalas culturas.

Actualmente este programa desenvólvese na área de Cofiecimiento do Medio en nove colexios públicos da provincia de Ourense que, no curso 99/2000, atende a 589 alumnos; deles 274 son portugueses e 309 galegos. Para isto, en cada colexio cóntase co apoio dun profesor portugués dependente do Ministerio de Educación de Portugal. Estes centros reciben un suplemento económico da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para os gastos de funcionamento que puidesen derivarse do desenvolvemento do programa.

Para facilita-la elaboración de materiais didácticos específicos, Galicia participa dende o ano 96 nun programa europeo conxuntamente co MEC, País Vasco e Navarra. Non obstante, dada a proximidade do galego co portugués, os materiais elaborados no marco deste programa resultan insuficientes para abrangue-la problemática galega. Por isto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria autorizou un grupo de traballo conformado polos 9 profesores portugueses que depende da coordinación e orzamento do Centro de Formación e Recursos do Barco de Valdeorras.

#### I.4.C ATENCIÓN A MINORÍAS ÉTNICAS

En Galicia habitan cerca de 7.000 persoas de etnia xitana que se concentran nun 60% nas grandes cidades e na periferia. Na Coruña habita o 25,7% e no Ferrol e localidades do contorno o 13%. Isto implica unha forte presencia desta poboación na provincia da Coruña<sup>5</sup>. Do total, o 50% vive en chabolas e sofren importantes problemas de acceso ó emprego, ó ensino e ás redes de servicios.

O alumnado xitano está escolarizado<sup>6</sup> nos centros educativos ordinarios e recibe, se é o caso, o mesmo tipo de apoio ca calquera outro alumno con necesidades educativas especiais temporais ou permanentes derivadas de situacións de deprivación sociocultural. Non obstante, existen 21 profesores itinerantes de apoio a este alumnado e, especialmente, ó seu profesorado e ás súas familias. A distribución deste profesorado itinerante é a seguinte (Ferrol 1, Narón 1, Lugo 5, Santiago 4 e A Coruña 10).

5. Máis do 50% das persoas de etnia xitana habitan na provincia da Coruña.

6. Ver Decreto 320/1996 polo que se regula a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais.

Non se poden dar cifras en relación ó número de alumnos e alumnas xitanos, pois nos documentos de recollida de datos dos centros educativos non consta a procedencia étnica do alumnado.

#### **I.4.D ESCOLARIZACIÓN DE PERSOAS ADULTAS DOUTRAS NACIONALIDADES**

Na actualidade, os centros de educación permanente de adultos (EPA) ofertan un nivel I de escolarización en que se observa un incremento de alumnado doutras nacionalidades. Normalmente, trátase de adultos novos cunha mobilidade que implica altas e baixas continuadas na súa escolarización. En total hai 84 adultos escolarizados, dos que o 71.25% está en Pontevedra.

### **I.5 EDUCACIÓN MULTICULTURAL**

Parece que un pasado recente de forte emigración<sup>7</sup>, unha cultura propia dentro do estado español e a presencia de minorías étnicas relativamente pequena, en relación a outras comunidades, fan de Galicia un lugar sen conflictos debidos á diversidade cultural. Non obstante, non hai dúbida de que o currículo galego é un currículo monocultural, en que o enfoque para a educación multicultural segue más as vías denominadas de *apoyo ós culturalmente diversos* e a de *relacións humanas* ca calquera das outras tres<sup>8</sup> vías igualmente sinaladas por Sleeter (1996).

No primeiro enfoque, o *apoyo ós culturalmente diversos* consiste en que o profesorado, no ámbito da súa área, axuda a estes alumnos no seu proceso de aprendizaxe en relación ó currículo común establecido. Estes apoios están enmarcados dentro das adaptacións do currículo reguladas pola Orde do 6 de outubro de 1996 e contan co apoio dos servicios que existen nesta Comunidade para atención á diversidade que se citan nos apartados seguintes.

No segundo enfoque, a *vía de relacións humanas*, o currículo das distintas áreas establecido en Galicia para as distintas etapas educativas contempla contidos do ámbito procedemental e actitudinal adecuados para realizar experiencias positivas de aprendizaxe colaborativa, co fin de promove-la unidade, a tolerancia e a aceptación dos outros dentro da estrutura social existente. O enfoque desta vía consiste en cambia-los sentimientos dos estudiantes cara a eles mesmos e ós outros, polo que isto constitúe, así mesmo, un piar esencial dos plans de acción titorial. Cómpre, sen embargo, sinalar que o desenvolvemento persoal e social que constitúe o eixe fundamental dos plans de acción titorial, está profundamente ligado ó desenvolvemento da identidade persoal. En

- 
7. O profesorado galego está habituado a atender a alumnos e alumnas nados fóra de España. Valga como exemplo o CEIP Ponte dos Brozos de Arteixo (A Coruña), que recibe, no curso 99/00, 50 alumnos e alumnas destas características e dos que unicamente un 12% é alumnado inmigrante
  8. O enfoque de estudos de grupos singulares; a vía da educación multicultural e o enfoque baseado no reconstructivismo social.

consecuencia, no caso do alumnado inmigrante, necesitaríanse apoios educativos específicos e sistematizados para evita-la aculturación ou perda da propia cultura e favorece-la comprensión dos seus problemas e perspectivas por parte do grupo de acollida.

En Galicia existen materiais de apoio ás titorías<sup>9</sup> para o desenvolvemento persoal e social do alumnado, pero trátanse habilidades de vida de carácter xeral que non abordan o conflicto que pode derivar do contraste de valores existente nunha sociedade multiétnica.

En definitiva, o programa LALO é unha medida de atención á diversidade cultural en Galicia que pode ser enmarcada no enfoque de *educación multicultural* definido por Sleeter, que se centra na paridade entre culturas diversas e no reflexo da súa diversidade mediante a inclusión no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus contidos —conceptuais, procedementais e actitudinais— e materiais.

Finalmente, indicamos que a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais derivadas da súa procedencia cultural está tamén considerada dentro das medidas de atención á diversidade establecidas en Galicia con carácter xeral que se describen a continuación.

## II. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APTITUDINAL

Normalmente, o termo aptitudinal vai ligado ás capacidades verbal, espacial, numérica e mecánica, entendendo esta última como a capacidade de comprender e imaxina-los principios en que se sustenta o funcionamento da natureza e das máquinas. Sen embargo, as medidas de atención á diversidade que se sinalan de seguido inclúen ademais destas aptitudes, de ámbito cognitivo, a atención á diversidade de capacidades de inserción social e de relación interpersoal, e de motivacións e intereses do alumnado. Sinalemos que o nivel de desenvolvemento das capacidades de inserción social e de relación interpersoal está en estreita relación coa proveniencia de grupos culturais diferentes do grupo social de acollida.

### II.1 DISPOSICIÓNES NORMATIVAS ESPECÍFICAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ó longo de toda a normativa emanada para a implantación do novo sistema educativo aparecen referencias á atención á diversidade, sexa de forma explícita na normativa de carácter xeral, sexa mediante normativa específica exclusivamente dedicada a establecer las disposicións necesarias para o desenvolvemento deste principio educativo. Aínda que se podería face-la clasificación de medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade, optaremos pola seguida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de medidas curriculares e organizativas, dado que como tales foron difundidas en Galicia.

---

9. Programa para o desenvolvemento persoal e social. Ampliación e adaptación do programa de J.G. Botvin pola profesora de psicoloxía clínica da Universidade de Santiago M<sup>a</sup> Ángeles Luengo e colaboradores.

## **MEDIDAS CURRICULARES**

### **- Adaptacións do currículo.**

A Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG do 7 de novembro), tanto adaptacións non significativas —denominadas en Galicia medidas de reforzo educativo— como significativas, estas últimas integradas, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnos de referencia.

A Orde do 31 de outubro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización (DOG do 19 de decembro). En Galicia, a avaliación psicopedagóxica é ademais requisito para acceder ós programas de diversificación curricular, ós programas de garantía social e, en definitiva, a todas aquellas medidas de atención á diversidade de carácter extraordinario.

### **- Programación de plans de actuación en relación coas necesidades educativas dos alumnos.**

Esta programación aparece explícita na normativa que regula o marco legal de funcionamento dos centros educativos. Así, os Decretos 374/1996 e 324/1996, polos que se aproba o reglamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, e dos institutos de educación secundaria, respectivamente, establecen a incorporación no PCC dos criterios e procedementos previstos para organiza-la atención á diversidade (artigo 91f do Decreto 374/96, e artigo 94e do Decreto 324/96).

Igualmente, nesta liña, dispónse que as programacións didácticas dos equipos de ciclo (artigo 57h do Decreto 374/96) e dos departamentos didácticos (artigo 96c do Decreto 324/96) incorporen as medidas de atención á diversidade.

Por outra parte, mediante o plan de *acción titorial*, integrado no PCC (artigo 91.2 do Decreto 374/96, e 77b do Decreto 324/96) como dimensión educativa da función docente, dispónse o seguimento personalizado do proceso educativo do alumnado, o seu desenvolvemento persoal e social e a orientación educativa e profesional.

### **- Programacións didácticas de referencia**

No curso 99-2000, a Administración educativa promoveu grupos de traballo de profesorado que imparte a ESO, coordinados por un inspector ou inspectora, para elaborar programacións didácticas de tódalas áreas e das materias optativas de oferta obrigada nesta etapa educativa. Estas programacións foron remitidas a tódolos centros que imparten a ESO para que, nos departamentos didácticos correspondentes, se debatera sobre os contidos básicos propostos nelas.

Posteriormente, levouse a cabo o procesamento informático das respostas remitidas polos centros educativos e, tomando en consideración as respostas ós cuestionarios e as observacións realizadas polo profesorado de cada área, realizáronse as modificacións pertinentes en cada programación.

Así, na actualidade, a Comunidade Autónoma de Galicia conta cunha programación didáctica de referencia para tódalas áreas do currículo da ESO e para as materias optativas de oferta obrigada. Estas PDR conteñen os contidos básicos de aprendizaxe consensuados con todo o profesorado que imparte a ESO nesta Comunidade, que tódolos alumnos e alumnas deben aprender, e as capacidades esenciais que todos e todas deben desenvolver na medida das súas posibilidades.

Isto constitúe un paso importante para establecer concrecións curriculares comúns á hora de establecer medidas de atención á diversidade, sexan estas adaptación curriculares, agrupamentos específicos ou calquera outra.

### - Optatividade

No caso da educación secundaria, a oferta de *materias optativas* é unha medida ordinaria de atención á diversidade que posibilita que os centros poidan ofertar itinerarios formativos que lles dean resposta ás necesidades, motivacións e intereses do alumnado. Esta oferta debe formar parte do PEC, segundo o establecido no artigo 90f do dito Decreto 324/96.

Na ESO, as materias optativas en Galicia ben están establecidas pola Administración educativa nun catálogo que contén o seu currículo correspondente —Ordes do 1 de febreiro de 1995 e do 30 de abril de 1996—, ou ben son propias de cada centro e autorizadas pola Administración educativa segundo o marco establecido na Orde do 19 de xuño de 1996, pola que se regula a implantación da ESO (táboa 2).

**Táboa 2. Catálogo de materias optativas da educación secundaria obligatoria establecidas pola Administración educativa.**

1º ciclo da educación secundaria obligatoria.	Obradoiro de comunicación oral. Obradoiro de matemáticas. Segunda lingua estranxeira.
2º ciclo da educación secundaria obligatoria.	Ciencias medioambientais da saúde. Cultura clásica. Segunda lingua estranxeira. Técnicas de expresión escrita. Iniciación profesional marítima. Iniciación profesional á mecánica. Iniciación profesional á electricidade e á electrónica. Iniciación profesional á tecnoloxía informática.

As disposicións sobre a optatividade establecen tres materias optativas para o primeiro ciclo da ESO: obradoiro de comunicación oral, obradoiro de matemáticas e segunda lingua estranxeira (esta última de carácter preferente). Aquelas consideráñanse únicamente de reforzo para o alumnado que mostra dificultades significativas na comunicación oral e nas matemáticas. Este rigor na elección libre de optativas no primeiro ciclo da ESO vai ligado á preocupación da Administración educativa galega polo coñecemento das linguas estranxeiras como un aspecto esencial para o desenvolvemento de actitudes de respecto e tolerancia cara a outras culturas, por unha parte, e para a mobilitade académica e laboral, pola outra.

No segundo ciclo da ESO, aumenta a oferta de optativas que os centros organizan conformado itinerarios formativos. Os centros poden propor optativas que garden relación co seu medio xeográfico e cultural e faciliten a inserción laboral do alumnado. Estas optativas deben ser autorizadas pola Administración educativa.

Os centros poden impartir no segundo ciclo cinco materias optativas. No caso de que un centro teña autorizadas varias materias optativas propias, estas consideráñanse como se fose unha única materia de iniciación profesional.

En relación á optatividade, obsérvase na Comunidade Autónoma de Galicia o seguinte:

- O aumento da optatividade no momento en que a diversidade de intereses do alumnado se manifesta dunha forma máis diferenciada.
- A inexistencia de optativas (astronomía, teatro, radio, imaxe, aprender a razoar, matemáticas cotiás) que poden ser consideradas como actividades extraescolares ou como parte integrante do currículo común dunha área determinada. Existen dúas materias que reforzan as aprendizaxes básicas do currículo común: técnicas de expresión escrita e ciencias medioambientais e da saúde. Nun caso, por ser unha capacidade cognitiva de gran complexidade e, noutro caso, por constituir unha preocupación da nosa sociedade e permitír-lles continuar en contacto con aspectos esenciais para o planeta e a saúde ós alumnos e alumnas que non opten no cuarto curso pola área de ciencias da natureza ou, de se-lo caso, por física e química, e bioloxía e xeoloxía.
- A preocupación porque as optativas constitúan unha orientación na elección dos ciclos formativos ou nas modalidades do bacharelato.
- A preocupación por favorecer a incorporación do alumnado á vida activa, á vista da estreita vinculación das materias optativas propias dos centros co mercado laboral da zona.

### - Programas de diversificación curricular

A Orde do 19 de maio de 1997, pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obligatoria (DOG do 6 de xuño), establece esta medida extraordinaria de atención á diversidade coa finalidade de lle posibilitar ó alumnado o logro dos obxectivos xerais desta etapa mediante unha metodoloxía e uns contidos axeitados ás súas características e necesidades.

Desta medida cabe salientar a necesidade de acreditar que o alumno recibise medidas de adaptación do currículo —reforzo educativo ou adaptación curricular— para que poida incorporarse ó programa de dous anos ou dun ano de duración; o forte peso horario asignado ás áreas organizadas por ámbitos —superior ó doutras comunidades, como a valenciana; o número de alumnos, non superior a 15; a pertenza a un grupo de referencia para as áreas non organizadas en ámbitos; a existencia dun plan de acción titorial específico baseado no estímulo da integración no centro e na estructura do grupo, na motivación e no desenvolvemento persoal, especialmente na construcción apropiada do autoconcepto e na orientación vocacional e profesional (táboa 3).

**Táboa 3. Estructura dos programas de diversificación curricular a dous anos.**

1º Ano	Nº de horas	2º Ano	Nº de horas
Ámbito sociolingüístico e social	10	Ámbito sociolingüístico e social	10
Lingua estranxeira	2	Lingua estranxeira	2
Ámbito científico (matemáticas e CCNN)	7	Ámbito científico (matemáticas e CCNN)	7
Titoría	1	Titoría	1
Para cursar co grupo de referencia		Para cursar co grupo de referencia	
Tecnoloxía	3	Tecnoloxía	3
Educación física	3	Educación física	3
Educación plástica e visual	3	Música	3
1ª materia optativa específica para o programa	3	1ª materia optativa ofertada polo centro para todos os alumnos	3
Relixión/actividades de estudio	2	Relixión/actividades de estudio	2

Canto ós programas de diversificación curricular dun ano, a normativa establece que os contidos do ámbito científico e as áreas que se debe cursar co grupo de referencia se establecerán axustándose ás áreas que o alumno cursara o ano anterior.

No curso 1999–2000, o 30% dos centros que imparten a ESO ten oferta de PDC. Estanse impartindo 111 programas nos que participan 1.166 alumnos e alumnas (táboa 4).

**Táboa 4. Programa de diversificación curricular**

Provincia	Nº de centros	Nº de alumnos
A Coruña	40	489
Lugo	12	139
Ourense	22	248
Pontevedra	18	290
Totaís...	92	1166

## MEDIDAS ORGANIZATIVAS

### - Os agrupamentos específicos

A Circular 9 de 1999 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se dictan instruccións para a atención á diversidade na educación secundaria obligatoria, establece os aspectos que se deben contemplar no plan anual de atención á diversidade nesta etapa educativa e o marco en que os centros que imparten educación secundaria obligatoria poderán destina-las horas para a atención á diversidade na ESO<sup>10</sup> para establecer agrupamentos específicos transitorios de apoio ó alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe. Así, pódense organizar estes agrupamentos —dun máximo de 15 alumnos— cando tales dificultades lles impidan segui-lo ritmo de aprendizaxe da aula ordinaria con simples medidas de reforzo educativo nas áreas curriculares de carácter instrumental (lingua e literatura, e matemáticas) e naquelas cun peso conceptual necesario para o desenvolvemento dunha actitude crítica no ámbito social e da saúde (ciencias sociais, xeografía e historia, e ciencias da natureza).

- Os alumnos poden ser procedentes dos distintos grupos do mesmo nivel. Son menores de 16 anos ou, excepcionalmente, con esta idade —requirida para incorporación a un programa de diversificación curricular ou de garantía social—, pero para os que esta medida se considera más apropiada. Tamén está indicada a incorporación a un agrupamento específico cando este se considere esencial para garantí-la eficacia da repetición daqueles que permanecen un ano máis no segundo curso.
- O profesorado debe ter experiencia docente, preferentemente con destino definitivo no centro e, na medida do posible, con impartición de docencia tamén nos grupos de referencia.
- O alumno pertence para tódolos efectos a un grupo ordinario de referencia e, ó abeiro do establecido no artigo 17.3 do Decreto 320/1996, de ordenación da educación dos alumnos e alumnas con NEE, pode permanecer no agrupamento específico o 100% do horario semanal que lles corresponda ás áreas sinaladas.
- A selección dos alumnos e a concreción das áreas que cada un vai cursar é competencia do xefe de estudios, o xefe do departamento de orientación e os profesores titulares dos distintos grupos que conforman cada nivel da ESO.
- As programacións didácticas están adaptadas ás necesidades educativas deste alumnado e realizanse a partir dos obxectivos e contidos básicos establecidos no proxecto curricular do centro para o nivel. Non obstante, cando sexa preciso, os contidos poden ser retomados do terceiro ciclo de educación primaria para afianzar aprendizaxes básicas.

---

10. Contempladas para a adscrición do profesorado de educación secundaria ós IES.

- O equipo de profesores e o departamento de orientación deberán realizar un seguimiento individualizado de cada alumno ou alumna co fin de que poida integrarse a tempo completo no grupo de referencia.

Na táboa 5 pódese apreciar que un 18% dos centros que imparten a ESO ten establecida esta medida de atención á diversidade. Esta porcentaxe resulta significativa, dado que aínda é o primeiro ano da súa implantación.

**Táboa 5. Datos sobre os agrupamentos específicos no curso 99/2000**

Provincias	Nº centros	Nº agrupamentos	Nº alumnos
A Coruña	20	30	343
Lugo	10	19	192
Ourense	10	17	163
Pontevedra	17	35	406
Totais	57	101	1104

Con respecto ós agrupamentos específicos por curso (táboa 6), existe un número maior de agrupamentos no segundo curso, cando o profesorado coñece máis a fondo as necesidades educativas do alumnado do primeiro ciclo. No caso de terceiro, o número de agrupamentos descende posiblemente na medida en que, con carácter xeral, se iniciaron neste curso 99/2000 os programas de diversificación curricular (PDC) ó implantarse o terceiro curso da ESO o ano académico 98/99. Sorprende a escasa organización de agrupamentos específicos en cuarto, dado que, ó implantarse este curso da ESO con carácter xeral este ano académico, únicamente os IES que tifan anticipada a ESO poden impartir PDC a un ano. Poderíase presumir que os centros acumulan tódalas horas de atención á diversidade nos cursos inferiores, para asegurarllas seguimento ós reforzos educativos que se lle presta a este alumnado.

**Táboa 6. Agrupamentos específicos por curso**

Curso da ESO	1º	2º	3º	4º
Nº agrupamentos	9	45	30	4

En definitiva, un 0'8% do alumnado da ESO recibe este tipo de medida de atención á diversidade.

Para coñecérmo-la efectividade desta medida e a súa repercusión na vida dos centros, cumpriría facérmo-la súa valoración en tódolos centros que a teñen establecida. Polo momento, as referencias son positivas, como figura nas experiencias que se aportan no anexo a este documento. Chama a atención que no IES de Poio (Pontevedra), na primeira avaliación, dos 23 alumnos destes agrupamentos, 19 foron avaliados positivamente en lingua galega e literatura; e 12 en matemáticas -mesmo dous deles con ben-. Ademais dos tres alumnos reincorporados ó seu grupo de referencia, un obtivo nun control de matemáticas deste grupo a máxima puntuación.

### **- Os programas de ciclo adaptado**

Por outra parte, nesta mesma circular 9 de 1999 establecense os programas de ciclo adaptado —dun máximo de dous cursos—. Trátase dunha medida extraordinaria, tanto organizativa como curricular, de atención á diversidade dirixida exclusivamente á atención do alumnado de 14 a 16 anos no que conflúan, ademais dun atraso académico xeneralizado, problemas graves de conducta e de convivencia no centro.

- A programación ten como referente o currículo da ESO e, se é o caso, os obxectivos do terceiro ciclo de educación primaria. Débese desenvolver cun enfoque práctico, moi vinculado á vida e realidade extraescolar, e tamén darlle prioridade ás capacidades relacionadas coa comunicación, a convivencia e traballo en grupo, a organización do traballo, a autonomía no contorno, a configuración dun proxecto persoal e a orientación profesional.
- O alumnado, cando progrese en relación cos obxectivos propostos, poderase incorporar a un grupo do nivel no que está escolarizado ou, se é o caso, a un programa de diversificación curricular ou de garantía social.
- O equipo docente estará composto, como máximo, por catro profesores que impartirán as ensinanzas que se establezan en relación ós ámbitos práctico —15 horas—, socio-lingüístico —5 horas—, científico-matemático —5 horas— e á educación física —3 horas—, así como a titoría de 2 horas. Non obstante, a asignación horaria<sup>11</sup> a cada ámbito dependerá das características do alumnado. En todo caso, o ámbito práctico debe constituirlo 50% do total.

No curso 99/2000, estase a desenvolver un programa de ciclo adaptado no IES de Bande (Ourense) no que se atende a 3 alumnos que están a traballar por proxectos. Estes alumnos mostran modificacións conductuais e xa non teñen problemas de absentismo escolar, segundo informa a dirección do centro educativo.

### **- Aulas específicas para alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a algún tipo de discapacidade**

As distintas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria habilitan nos centros educativos aulas específicas para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a algún tipo de discapacidade, cando as necesidades así o aconsellan.

11. Cómpre salienta-la flexibilidade posible da programación dos PCA ó poderse reagrupa-lo número de horas nos ámbitos más atractivos para este alumnado e facer un tratamento transversal dos contidos más académicos ou ir incorporándoo paulatinamente; así como a posibilidade da organización de obradoiros de fotografía, xardinería, teatro, vídeo, cerámica, informática ou outras actividades didácticas que versen preferentemente sobre temas transversais –educación para a saude, educación cívica e social, educación ambiental e educación para a paz e a tolerancia.

Actualmente, 17 centros atenden a 125 alumnos e alumnas, dos que a maioría presenta minusvalía física e 4 discapacidade psíquica. Normalmente, estas aulas están atendidas polo profesor de pedagogía terapéutica (PT) e/ou de audición e linguaxe (AL) do propio centro. Tamén hai 18 profesionais (7 PT e 11 AL) dedicados exclusivamente á atención deste alumnado que, na súa maioría, está integrado no seu nivel educativo correspondente.

Igualmente, existe na Coruña, no CEIP San Pedro de Visma, unha aula de axudas técnicas a cargo dunha profesora especialista que lle dá formación ó alumnado e lle presta asesoramento ó profesorado e ás familias para a utilización de instrumentos de acceso ó currículo.

#### - Outras medidas organizativas

Os centros docentes poden optar por outras medidas organizativas de atención á diversidade, sempre que vaian acompañadas de cambios metodológicos que permitan unha atención máis individualizada ó alumnado.

Igualmente, os centros poden deseñar outras propostas fóra do horario escolar do alumno, tales como actividades de recuperación de áreas ou materias con marcado carácter instrumental, apoio das áreas instrumentais ou estudio asistido para o alumnado.

#### - A flexibilización do período de escolarización

Con carácter xeral, a normativa vixente considera un ano máis de permanencia en cada etapa educativa da educación básica para aqueles alumnos ou alumnas que así o necesitan, dado o seu ritmo máis lento de aprendizaxe ou circunstancias sobrevidas que así o aconsellan.

No caso da ESO, ademais do ano establecido con carácter xeral, o alumnado pode permanecer excepcionalmente un ano máis nun ciclo ou curso que non repete, sempre que o equipo de avaliación teña expectativas razonables de que con esta medida o alumnado ten posibilidades de logra-los obxectivos xerais da etapa e, xa que logo, o título de graduado en educación secundaria.

Ademais destas medidas xerais de flexibilización do período de escolarización, pódese modificar o período de escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais por solicitude á Administración educativa nas condicións establecidas na normativa vixente.

- Decreto 426/1991, do 12 de decembro (DOG do 14 de xaneiro de 1992), polo que se establece o currículo para a educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 245/1992, do 30 de xullo (DOG do 14 de agosto), que establece o currículo para a educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 17 de agosto de 1992 sobre a implantación da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 19 de xuño de 1996 sobre a implantación da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obligatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións de sobredotación intelectual (DOG do 28 de novembro). Esta orde contempla a anticipación do inicio da escolarización obligatoria e a reducción do período de duración desta nun máximo de dous anos que non poderá facerse efectivo na mesma etapa educativa (punto terceiro).

Os datos sobre flexibilización figuran na táboa 7.

**Táboa 7. Datos sobre a flexibilización desde o curso 96/97**

Por sobredotación intelectual		Permanencia un ano máis	
Nº de alumnos	72	Nº de alumnos	325

### - Os programas de garantía social

Regulados por primeira vez con carácter experimental pola Orde do 9 de maio de 1996. Estes programas están definitivamente regulados pola Orde do 5 de maio de 1997 (DOG do 29 de maio). Anualmente, publícase unha resolución de autorización para os centros privados e concertados que ofertan estes programas. Son programas dirixidos a rapaces e rapazas en grave risco de abandono escolar ou que non posúan unha titulación profesional e estean desescolarizados. Estes programas teñen un dobre obxectivo: inicia-lo alumnado nunha profesión e reinserilo, mediante proba de acceso ós ciclos de grao medio da formación profesional específica, no mundo educativo. Acceden a eles os maiores de 16 e menores de 21 anos. Comprenden cinco áreas formativas: de formación profesional específica, formación e orientación laboral, formación básica, actividades complementarias e titoría (táboa 8).

**Táboa 8. Datos dos programas de garantía social do curso 98/99**

Nº de programas	Nº de centros educativos que os imparten	Nº de alumnos
133	77	1.704

Actualmente, a oferta de programas de garantía social supera a demanda. Non obstante, o remate do proceso de implantación da ESO dará lugar a unha necesidade de maior oferta destes programas.

O 42% dos centros son públicos e atenden ó 64,4% do alumnado. Obsérvase a inexistencia de participación de concellos ou de organizacións sen ánimo de lucro na organización e oferta destes programas.

## **II.2 ACCIÓNS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

### ***II.2.A PLAN EXPERIMENTAL DE CONSTITUCIÓN DOS CENTROS DE EDUCACIÓN ESPECIAL EN CENTROS DE RECURSOS***

Dende o curso 97/98, tres centros de educación especial específicos<sup>12</sup> para o alumnado xordo estanlle ofertando os seus recursos humanos e materiais ós centros educativos da zona. Estes recursos van dende o apoio especializado ó profesorado e ás familias do alumnado escolarizado en centros ordinarios ata a atención directa ó alumnado. No curso 98/99, estes centros asistiron con carácter ambulatorio a 91 alumnos e alumnas no ámbito dos apoios en audición e linguaxe.

No curso 99/2000, incorporáronse ó plan experimental tres centros de educación especial de Lugo e Pontevedra, e está constituído un grupo de traballo, do que forman parte membros dos equipos de orientación específicos e por persoal técnico do Servicio de Ordenación e Innovación Educativa, para analiza-los recursos humanos e materiais dos 16 centros de educación especial dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, estudia-la súa posibilidade de constituírense en centros de recursos para os centros educativos ordinarios da zona e propo-la regulación normativa que corresponda (táboa 9).

Táboa 9. Plan experimental dos centros de educación especial durante o curso 98/99

Nº de centros de educación especial	Centros de educación especial que participan no plan	Nº de alumnos con atención ambulatoria
15	3	91

### ***II.2.B ESCOLARIZACIÓN COMBINADA***

Cando a natureza da resposta ás necesidades do alumnado require de equipamentos específicos e dunha especialización profesional propia de centros de educación especial, propónse, logo de avaliadas as necesidades educativas do alumno, a escolarización combinada a tempo parcial entre un centro ordinario e un centro de educación próximo.

Con carácter xeral, para desenvolver esta modalidade, establecécese un programa de maneira coordinada entrámboles centros, de tal maneira que o alumnado matriculado no centro ordinario

12. Nsa. Sra. do Rosario (A Coruña). San Paio do Monte (Santiago) e Sta. María (Lugo).

acuda ó centro específico para a adquisición de bases madurativas a través de estimulación xeral ou de técnicas instrumentais específicas que lle permitan ó acceso ó currículo ordinario.

Segundo datos do curso 98/99, existen en Galicia 63 alumnos que seguen esta modalidade de escolarización; deles 53 están combinando a escolarización do centro ordinario cun centro público de educación especial e 10 comparten o centro ordinario cun centro privado concertado de educación especial. Todo este alumnado está escolarizado en educación infantil e en educación primaria.

Canto ás características xerais das necesidades educativas especiais deste alumnado, todos reciben apoios para a estimulación xeral e de reeducación da lingua, por presentaren necesidades educativas especiais asociadas a déficits sensoriais ou motóricos que precisan programas específicos de estimulación senso-perceptiva e motriz así como programas específicos de acceso á comunicación (táboa 10).

**Táboa 10. Escolarización combinada (centro ordinario, centro de educación especial).**

Nº Alumnos	Nº centros de Educación Especial
63	11

### **II.2.C GRUPO DE TRABALLO PARA A ORDENACIÓN DAS EXPERIENCIAS DE ESCOLARIZACIÓN NOS CENTROS HOSPITALARIOS**

Galicia conta con cinco aulas en centros hospitalarios (A Coruña, Lugo, Ourense, Santiago e Vigo) atendidas por 7 mestres<sup>13</sup>. Desde setembro de 1999, un grupo de traballo conformado por todos estes profesionais e por persoal técnico do Servicio de Ordenación e Innovación Educativa está a traballar na ordenación de experiencias de escolarización nos centros hospitalarios. Estas experiencias concíbense como vía de solución para aqueles alumnos e alumnas que por problemas de saúde se ven sometidos a períodos de hospitalización, más ou menos longos, que os privan da estancia continuada no seu centro escolar, rompendo así o seu proceso educativo. Trátase de apoios que van máis aló do especificamente académico, pois este alumnado ten unha ansiedade provocada pola súa enfermidade e, por enriba, agravada por outras circunstancias como a separación dos seus pais, cambios alimentarios, privación de seu contorno, etc.

Neste programa trabállanse cinco grandes áreas que son abordadas desde o campo educativo e sanitario:

- Unificación de criterios sobre a resposta educativa máis axeitada.

13. Estes profesionais son, nuns casos, funcionarios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; outros, persoal dependente da Consellería de Sanidade.

- Coordinación entre as aulas hospitalarias e o centro de procedencia do alumno.
- Deseño dun plan de formación dos profesionais educativos.
- Creación dunha rede de centros educativos e aulas hospitalarias, a través de internet, para que o alumno hospitalizado permaneza en contacto coa vida escolar, con outros nenos e nenas da súa idade en igual ou diferente situación ca eles e como axuda no seu proceso de aprendizaxe.
- Creación dun programa de atención educativa domiciliaria.

Na actualidade, animados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, todos os mestres responsables das aulas hospitalarias están seguindo cursos de formación en internet que se realizan nos centros de formación e recursos da súa zona.

#### *II.2.D ACTIVIDADES DE PREESCOLAR NA CASA*

Preescolar na casa é unha das medidas preventivas de atención á diversidade máis coñecidas e imitadas por outras comunidades autónomas e outros países. Este programa iniciouse no ano 1977 e ten como obxectivo global contribuír ó desenvolvemento integral das nenas e dos nenos de 0 a 6 anos a través da implicación das familias.

Para conseguir este obxectivo promóvense e desenvólvense diferentes accións que van desde a acción directa coas familias mediante reunións quincenais con grupos de nenos e pais, ata programas de radio, televisión e publicacións, formación e intercambio de experiencias entre os diferentes profesionais implicados, etc.

A metodoloxía deste programa permite a superación dos aspectos negativos da dispersión xeográfica galega. Unha das súas características más importantes é a de ser un programa preventivo, xa que atende ó alumnado e á familia das zonas máis deprivadas socioculturalmente, evitando, deste xeito, que o alumnado, ó inicio da súa escolarización nun centro educativo, se encontre en desvantaxe con respecto ós demás.

O número de profesores/orientadores é de 72 distribuídos por zonas. Este profesorado depende da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no marco do convenio de cooperación establecido con Cáritas Diocesana de Lugo para o desenvolvemento deste programa de compensación (táboa 11).

**Táboa 11. Preescolar na casa. Total de familias atendidas durante o curso 98/99**

Provincia	Total familias
A Coruña	849
Lugo	1344
Ourense	517
Pontevedra	509
Totais	3219

## II.2.E FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

A formación permanente do profesorado debe ser un dos obxectivos prioritarios de toda Administración educativa, toda vez que son os docentes os verdadeiros artífices da formación e da competencia profesional do alumnado.

Da análise da oferta de formación do plan anual da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pódese derivar que existe unha oferta consistente de cursos sexa denominados explicitamente de atención á diversidade, sexa cunha relación evidente co tema, como son os cursos de orientación educativa, de técnicas de aprendizaxes básicas, de transversalidade, etc.).

### - Formación xeral

O número de actividades de formación relacionadas con técnicas e estratexias para a atención á diversidade —están incluídas as dirixidas á adquisición das aprendizaxes básicas— durante os cursos 1998–1999 e 1999–2000, resúmense nas táboas 12 e 13 (téñase en conta que hai actividades que se desenvolven en diferentes localidades).

Obsérvase que se mantén a porcentaxe de cursos relacionados coa atención á diversidade. A diminución aparente da porcentaxe de actividades relacionadas con novos medios durante o curso 1999–2000 débese a que as actividades de formación do profesorado están sendo redirixidas cara á elaboración, por parte dos centros educativos do seu propio proxecto de formación, no que se inclúen as actividades deste tipo.

**Táboa 12 Plan de formación do profesorado sobre as medidas de atención á diversidade. Curso 1998-1999**

Provincia	Total de cursos	Relacionados coa atención á diversidade	%	Programa NMai <sup>14</sup> relacionados coa atención á diversidade	%
A Coruña	97	29	29,9	34	35,6
Lugo	44	17	38,6	11	25
Ourense	57	25	43,9	14	24,6
Pontevedra	110	38	34,5	33	30
	308	109	35,4	92	29,8

**Táboa 13 Curso 1999-2000**

Provincia	Total de cursos	Relacionados coa atención á diversidade	%	Programa NMai <sup>14</sup> relacionados coa atención á diversidade	%
A Coruña	84	35	41,6	25	29,7
Lugo	30	21	70	2	6,7
Ourense	28	21	75	9	32,1
Pontevedra	65	32	49,2	17	26,1
	207	109	52,7	53	25,6

14. Nmai: Programa de Novos Medios audiovisuales e informativos.

### - Formación específica para o profesorado de apoio

Mediante convenios coas universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, realizáronse cursos de especialización en pedagogía terapéutica e en audición e linguaxe. Así, nos cursos 1998/99 e 1999/2000 especializáronse 240 profesores de educación primaria (80 en pedagogía terapéutica e 160 e audición e linguaxe).

## **II. 3 SERVICIOS DE APOIO Á ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Ata o curso 98/99, en que se publica o Decreto 120/1998, polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia, a atención especializada á diversidade realizábase en Galicia por 34 equipos psicopedagóxicos de apoio compostos por 111 psicólogos ou pedagogos, 34 especialistas de audición e linguaxe e 3 traballadores sociais. Estes equipos eran un apoio externo ós centros e traballaban maioritariamente na atención puntual ó alumnado de educación primaria con necesidades educativas especiais, se ben pola Resolución do 26 de novembro de 1996 se ampliaran as súas funcións ó alumnado da educación secundaria obligatoria. O dito Decreto 120/98 segue un modelo de atención más baseado nunha resposta educativa global ca nas características individuais do alumnado, e establece dous tipos de servicios de orientación educativa e profesional: internos, mediante os departamentos de orientación nos centros educativos; e externos, a través dos equipos de orientación específico que existen en cada provincia.

### *II.3.A DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN*

Este servicio interno forma parte da estructura organizativa dos centros de educación secundaria e dos colexios de educación infantil e primaria. Estes departamentos contan cun profesor de apoio de pedagogía terapéutica e cun xefe de departamento que é licenciado en pedagogía, psicoloxía ou psicopedagogía. Igualmente pode haber un especialista en audición e linguaxe (AL) naqueles CEIP ou CEP de 18 ou máis unidades. Na actualidades hai 25 AL en IES.

A Administración educativa prevé que tódolos institutos de educación secundaria (IES) e os centros públicos integrados (CPI) de Galicia contan cun departamento de orientación no ano escolar 2000–2001. Canto á educación primaria, a comunidade autónoma de Galicia crea departamentos de orientación naqueles colexios de educación infantil e primaria (CEIP) de doce ou máis unidades ou de menos<sup>15</sup>; cando as circunstancias o aconsellan. Un aspecto salientable destes departamentos é que os xefes dos departamentos de orientación dos colexios de educación infantil e primaria adscritos a un IES na rede xeral de centros forman parte do DO do instituto para garanti-lo seguimento do proceso educativo do alumnado (táboa 14).

---

15. Actualmente, 8 CEIP de menos de 12 unidades contan con DO.

Táboa 14. Total de departamentos de orientación creados en Galicia.

	1998-1999	1999-2000
CEIP	92	161
IES e CPI	202	284
Totais	294	445

### Proceso de creación de departamentos de orientación iniciado no curso 1998–2000

Os centros que non contan con departamento de orientación están adscritos a outro centro que si ten creado este departamento. O xefe do departamento de orientación do centro ó que están adscritos debe ter neles un horario de atención semanal e, para asegurala coordinación adecuada co departamento de orientación, os centros adscritos teñen un mestre responsable da orientación.

Así mesmo, estes centros contan cun profesor de apoio de pedagoxía terapéutica e aqueles de 18 ou máis unidades contan tamén cun especialista en audición e linguaxe.

### II.3.B EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICOS

Os equipos de orientación específicos (EOE) de ámbito provincial constitúen un apoio específico ós departamentos de orientación dos centros en relación coas seguintes especialidades: orientación vocacional e profesional; sobredotación intelectual; discapacidades sensoriais e motóricas; trastornos de conducta; trastornos xeneralizados do desenvolvemento; dificultades da lingua e da audición; e intervención no ámbito familiar e social.

Actualmente, existe un equipo de orientación específico por provincia e faltan por cubrir 11 prazas que non foron cubertas no primeiro concurso realizado no curso 98/99.

## III. PROPOSTAS E SUXESTIÓN DE MELLORAS

**Proposta nº 1.** Elaborar disposicións normativas específicas para a compensación das desigualdades en educación e potenciar programas de interculturalidade prioritariamente dirixidos a aqueles centros que escolarizan alumnado pertencente a minorías étnicas e/o culturais, así como elaborar materiais didácticos que permitan a inmersión rápida dos inmigrantes na nosa lingua, por ser imprescindible para a comunicación e a aprendizaxe.

### Xustificación

A presencia dos inmigrantes vai transformando a composición do alumnado nos contextos escolares. A constatación de que existen diferencias culturais fondas entre os inmigrados e a socie-

dade que os acolle obriga a formular obxectivos educativos que preparen os alumnos e alumnas para viviren nunha sociedade multicultural. Isto esixe unha toma de decisións coherente na escola, na que non se pode seguir a transmitir unha visión etnocéntrica do mundo e da cultura, senón que se debe afondar nos valores de tolerancia e de solidariedade con outras etnias e outras culturas.

A maior crítica que se lle fixo á escola é a de considerala incapaz de compensa-las diferencias sociais do alumnado e de ofrecerlle unha auténtica igualdade de oportunidades. Cómprase sinalar que esta situación persiste, pois, na última avaliación da educación primaria realizada polo INCE no curso 99/00, chega a existir unha diferenza de 19 puntos entre a porcentaxe de acertos logrados polo alumnado de familias sen estudios e os obtidos por alumnado de familias con estudios universitarios.

Hoxe o discurso crítico empeza a acusa-la escola de incapacidade para asumi-las diferencias culturais. Pero, en realidade, non se trata dun problema máis da escola, senón da agravación do xa existente. Neste sentido, malia que o Decreto 320/1996 (DOG do 6 de agosto), de atención do alumnado con necesidades educativas especiais faga referencia de maneira explícita a que a orixe destas necesidades pode atribuirse a diversas causas relacionadas, entre outras, co «contexto familiar, social ou cultural», habería que regular dun xeito específico accións dirixidas á compensación das desigualdades na educación, co fin de as desigualdades e desvantaxes sociais ou culturais das que determinados alumnos e alumnas parten, non acabaren converténdose, como é o caso, en desigualdades educativas.

**Proposta nº 2.** Remata-lo desenvolvemento do establecido no Decreto 320/1996, de ordenación da educación dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais:

- Constituí-los centros de educación especial en centros de recursos para a zona (artigo 15.2 e 3.).
- Establece-la ratio profesor/a alumno/a con necesidades educativas especiais (disposición adicional segunda).
- Habilitar aulas específicas para alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a déficits, cos recursos de difícil xeneralización nun centro ordinario (artigo 13.3).
- Potencia-la modalidade de escolarización combinada (centro ordinario-centro de educación especial) (artigo 5.1).
- Determina-los centros educativos onde se escolarizarán preferentemente determinados alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, cando as respostas ás súas necesidades requiran dotacións e equipamentos singulares ou unha especialización profesional de difícil xeneralización (artigo 3.7 e artigo 7.3).

**Proposta nº 3.** Potencia programas de orientación e formación familiar para favorece-la educación en familia e a súa implicación nos contextos escolares.

## Xustificación

A familia exerce unha poderosa influencia no desenvolvemento dos seus fillos. As conductas parentais de indiferencia, permisividade ou pasividade en relación ás transgresións, así como a interacción cos fillos carente de sistematización e de coherencia están en estreita relación coas dificultades emocionais e conductuais dos seus fillos. Por outra parte, as familias facilitan co seu apoio o desenvolvemento integral dos seus fillos mediante estas actuacións:

- Ofrecendo apoio emocional (afecto e aceptación).
- Ofrecendo asistencia instrumental (consello, orientación, axuda nas tarefas escolares, etc.).
- Ofrecendo e compartindo expectativas sociais que serven como orientación sobre qué conductas son apropiadas socialmente e cáles non.

Estes apoios son esenciais á hora de construír-lo autoconcepto e a autoestima e de reduci-lo impacto do contexto ambiental.

Igualmente, o axuste socioemocional dos fillos ten unha relación más directa coas aspiracións e expectativas que se viven no fogar que co seu propio desenvolvemento cognitivo.

Todo isto implica que o achegamento ás familias é un aspecto esencial para garanti-lo desenvolvemento adecuado dos alumnos e alumnas, e que resulta excesivo o peso de único axente socializador que cada día se lle quere outorgar á escola.

En consecuencia, parece esencial potenciar o desenvolvemento do artigo 20.3. do Decreto 320/1996, no que se establece que a Administración educativa favorecerá a creación de plans de colaboración e apoio das familias tanto na identificación das necesidades dos seus fillos como nas accións de carácter preventivo ou compensador no ámbito familiar.

Ademais, no ámbito da compensación das desigualdades, é esencial a incorporación das familias doutras culturas para que poidan coñecer-la nosa, o progreso educativo que poden logra-los os seus fillos, etc. Posiblemente, para iso será precisa a colaboración doutras institucións relacionadas cos servicios sociais e mesmo de organizacións internacionais que, dado o seu coñecemento da lingua e da cultura destas familias, pódennas informar adequadamente sobre as características do noso sistema educativo, os itinerarios formativos, as normas de funcionamento, os seus dereitos, etc.

En definitiva, os pais deben participar máis nas diferentes actividades do centro e non só como representantes no consello escolar. As tutorías constitúen unha canle de interacción idónea para manter relación permanente coas familias e para organizar encontros formativos que favorezan a súa colaboración e participación no proceso educativo dos seus fillos e fillas.

**Proposta nº 4.** Posibilitar en todos os centros unha oferta educativa adecuada á diversidade do seu alumnado.

## Xustificación

Os centros educativos deben contar con programas e recursos organizativos, materiais e humanos que lles permitan dar la resposta educativa axeitada a todo o seu alumnado. Neste sentido

resulta esencial a posta en marcha de programas de compensación das desigualdades, de adquisición de habilidades de vida, de técnicas de traballo intelectual, etc. Igualmente, os centros que imparten a ESO deben contar con programas de diversificación curricular e con programas de garantía social. Desta maneira, o alumnado con dificultades de aprendizaxe e maior de 16 anos pode ser derivado cara a estes programas sen abandona-lo seu centro educativo e percibi-las medidas de atención á diversidade como unha gamma de posibilidades para logra-los mesmos obxectivos cós demais alumnos e alumnas. É o caso dos PGS, que teñen a finalidade prioritaria de reincorpora-lo alumnado ó sistema educativo mediante a iniciación a unha profesión e mediante unha orientación vocacional e profesional adecuada ó seu perfil.

Igualmente, a Administración educativa debe facilita-la flexibilidade necesaria para que os centros poidan organizarse de xeito que permitan agrupamentos transitorios, flexibles; que exista a posibilidade de traballar por proxectos de área ou interdisciplinares, sen a rixidez imposta pola organización horaria asignada ás distintas áreas.

**Proposta nº 5.** Aportarlle ó profesorado apoio -formación e recursos- para poder levar a cabo as medidas de atención á diversidade e recoñecerlle liberación horaria e mérito docente cando estea a desenvolver medidas extraordinarias de atención á diversidade

## Xustificación

As dificultades de aprendizaxe terminan derivando en fracaso escolar e este xera problemas de autoestima, falta de interese, controversión, problemas de conducta, etc., que se retroalimentan facendo que o alumno pareza ou se sinta incapaz de aprender. Isto xera, á súa vez, unha gran heteroxeneidade no nivel de desenvolvemento das capacidades e nos intereses dos grupos de alumnos. Se ben é certo que resulta difícil atender a estes grupos -e mesmo ós agrupamentos específicos, dada a peculiaridade do alumnado que vimos de sinalar- tamén existen estratexias metodolóxicas e orientacións sobre a interacción profesor/alumno, que poden axudar, con moito, ó profesorado a detectar e atende-las dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Así, é esencial que o profesorado galego teña unha oferta formativa adecuada que lle permita, nun contexto de formación no propio centro, coñecer e levar á práctica estratexias adquiridas nos seguintes ámbitos de formación:

- Técnicas de traballo intelectual.
- Dinámica de grupos.
- Programas de modificación de conducta.
- Metodoloxía aplicada.

Así mesmo, unha liberación horaria adecuada con posibilidades de coordinación co resto dos compañeiros que atenden os mesmos alumnos e alumnas, permitiralle ó profesorado que desenvolve medidas extraordinarias de atención á diversidade a planificación e programación semanal

das actividades, así como a elaboración de materiais curriculares adaptados ás características do alumnado.

Por outra parte, a dotación de recursos ligados a obradoiros é un medio fundamental para reconducir aspectos relacionados con déficits de motivación ou problemas de atención, coa realización de tarefas manipulativas e de construcción e creación, e coa vinculación da teoría e a práctica. Os obradoiros presentan moitas posibilidades educativas e deben ser considerados como un lugar que favorece a metodoloxía activa e no que se poden desenvolver proxectos de traballo guiados polo profesorado. Estes proxectos poden estar ligados a unha ou a varias áreas e aborda-los seus contidos básicos, de xeito que se garanta o cumprimento do principio de comprensividade que caracteriza a ensinanza básica.

**Proposta nº 6. Creación dunha escola itinerante**

### Xustificación

A existencia de alumnado que, polas súas características, sofre períodos longos de enfermidade que lle impiden asistir á escola e segui-lo ritmo de aprendizaxe do alumnado do seu nivel, aconsella a creación dunha estructura na que exista profesorado itinerante que preste atención educativa domiciliaria.

Igualmente, a atención logopédica é esencial para aqueles alumnos e alumnas que presentan dificultades de audición e linguaxe. Ás veces, estes alumnos están escolarizados en centros dos que o pequeno número de unidades non xustifica a dotación dunha praza dun especialista en audición e linguaxe. En consecuencia, cómpre asignar esta función de atención itinerante a especialistas que poidan atender esta necesidade.

**Proposta nº 7. Dotar tódolos centros con recursos que permitan o acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).**

Na actualidade e nos tempos por vir, a capacidade de utilización das TIC, seleccionando e utilizando adecuadamente a información que circula na rede (internet), constituirá o referente da alfabetización funcional dos cidadáns. É evidente que nestes momentos se está a crear un novo ámbito de desigualdade que se acrecentará cada día máis na medida en que a escola non sexa capaz de ofrecer acceso á información a todos e a todas, e de aprenderelles a seleccionala e utilizala. O sociólogo Manuel Castells, referente imprescindible en calquera análise ou proxecto sobre a nosa sociedade, deixá ben claro que a escola compensadora de desigualdades que necesita a nosa sociedade en proceso de cambio continuado e en plena revolución tecnolóxica, é unha escola capaz de ofrecer coñecemento, información, tecnoloxía e estratexias para aprender.